

Lecturafilia

"Leer es vivir dos veces"

Todo canto fomos



Xosé Monteagudo, autor de "Todo canto fomos"

"Ás veces preguntome que misteriosas propiedades ten o tempo para que, sen que nada cambie, todo sexa diferente".

Para coñecer o noso presente é preciso que sempre botemos a nosa vista atrás, cara ese pasado que nos precede e que nos inflúe máis directamente do que pensamos. Ata chegar ao que hoxe somos, os nosos antepasados tiveron que transitar por uns camiños non sempre doados.

Sobre esta interacción entre o **pasado e o presente** e a nosa historia reflexiona o escritor **Xosé Monteagudo** na súa última novela titulada precisamente *Todo canto fomos*, a cal percorre moitas das arestas da **historia galega do pasado século**. Ese presente aparécenos da man dun escritor de novelas policiais que amence un día coa noticia da morte da súa nai e que descobre que na vida da súa nai atópanse agochadas certas mentiras obrigadas polo tempo vivido. Este home, afincado en Londres, volve á súa Pontevedra natal para levar consigo uns escritos cos que descubrirá o seu pasado e novelará no seu próximo libro.

En **capítulos breves e con moito ritmo**, o autor vainos bosquexando, sen tregua, as vidas de **varios personaxes en tempos moi diferentes, que se confunden co noso**: un home que emigra a Buenos Aires e alí consegue o éxito laboral, unha mestra que soña con cambiar o mundo da aprendizaxe e ensinar ás mulleres, unha moza que rexenta a librería dos seus pais e que coñece o amor a través dos libros, e ata un rapaz con familia mariñeira que remata por ser un estudoso do galeguismo. Eles son a alma dunha Galiza que se foi, pero que é a nosa, a dos que nos precederon.

Todo canto fomos lévanos inevitablemente a todo o que hoxe somos, esa é a realidade que se transpira nestas historias que derivan nunha saga familiar que non podes parar de ler, cuns **personaxes cos que te encariñas facilmente**. Todos eles e elas son prototipos dun tempo, aínda que destaco a figura de Carlota, a mestra que non dubidou en crear unha pequena escola nunha vila galega na que ensinar a ler e a escribir ás mulleres rurais que daquela non tiñan máis formación que a de facer as tarefas da casa. O cometido de querer cambiar o mundo sempre acaba chocando cos intereses das persoas do poder, e iso é o que a ela lle acontece. Aínda que todos os personaxes están maxistralmente trazados, **Carlota é para min todo un símbolo**, unha persoa que sentín como unha irmá miña, e coa que me identifiquei dende o primeiro momento.

E mentres toda a nosa historia pasa diante dos nosos ollos, o escritor que indaga nas raíces da súa familia, reflexiona sobre o **oficio de escribir, sobre os quebracabezas que se atopan na mente de todo novelista**, a interacción entre realidade e ficción e as marxes entre unha e outra, a calidade dunha novela e a súa relación coas vendas, o sentido e os porqués da escrita no mundo... Por iso non resulta estraño que poidamos ver a Xosé Monteagudo tras este personaxe, que me levan de novo a comparalo coa narradora que se atopa tamén no último libro de Inma López Silva, *Aqueles días nos que eramos malas*, publicada tamén na Editorial Galaxia.

Ficha técnica



Título: Todo canto fomos

Autor: Xosé Monteagudo

Editorial: Galaxia

Año de publicación: 2016

Número de páxinas: 532

[Acerca de estos anuncios](#)

Enamorada de la lectura, simplemente eso. Todo lo demás casi es secundario.
De nacimiento soy Hortensia, pero me llamo Tensy.

Archivo de Autor Sitio del Autor
09/09/2016

Lecturas, Literatura gallega

**editorial Galaxia, historia de galicia, ler en galego, libros en galego, narrativa
galega, Todo canto fomos, Xosé Monteagudo**

BLOG DE WORDPRESS.COM.

SUBIR ↑